

Autor: **CHEMA HERAS**  
Ilustrador: **KIKO DASILVA**


Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

- Galego: "Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis"  
Demademora. ISBN 978-84-8464-612-9
- Castelán: "Cuando a Matías le entraron ganas de hacer pis en la noche de Reyes".  
Libros para soñar. ISBN 978-84-8464-611-2
- Catalán: "En Martinet tenia ganas de fer pipí la nit de Reis"  
Kalandraka. ISBN 978-84-8464-016-5

Prezo: 13 €



## CANDO MARTIÑO TIVO GANAS DE MEXAR NA NOITE DE REIS

**"Os Reis non entran nas casas dos nenos que non estan durmidos", avisouno a pai, pero no medio e medio e medio da noite, Martiño espertou con moitas, moitas ganas de facer pis...**

"Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis" é un atípico conto de Nadal, que nos amosa a particular visión dun neno sobre ese acontecemento tan especial. A narración, chea de enxeño e humor, desvela a inxenuidade e complexidade do máxím infantil. As ilustracións gozan de moita expresividade e fan deste conto un dos preferidos nas bibliotecas dos nenos. "Cando Martiño..." chega de novo polo Nadal aos fogares galegos para facer sorrir a cativos e grandes, para que gocen da ledicia e da ilusión que destila cada páxina.

### **CHEMA HERAS (Ávila, 1957)**

É profesor de inglés en Cambados (Pontevedra) e pertence ao consello editorial de FAKTORÍA K DE LIBROS. Editou un libro de poemas, "Nido de amor e cuna" (edición de autor, 1982) e a colección de contos titulada "Bulebule" para o ámbito educativo, destinada á ensinanza da lectura en galego.

Durante a súa estada en Australia escribiu varios libros editados polo Departamento de Educación de Nova Gales do Sur. En 1990 publicou en Sotelo Blanco a obra "A fuxida dos Nenos", e en 1999 "Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis".

Tamén é autor de "Avós", editado en varias linguas por KALANDRAKA. Esta obra recibiu o Premio Llibreter 2003. Ademais, é tradutor de títulos como "Las aventuras de Pinocho", tamén en KALANDRAKA.

### **KIKO DASILVA (Vigo, 1979)**

Artista plástico e humorista gráfico formado na facultade de Belas Artes de Pontevedra, onde se licenciou na especialidade de Pintura. Comezou a súa traxectoria en fanzines como *Nicasso* e *Nova Línea*. Director e creador das revistas de banda deseñada *BD comunicacion@kalandraka.com* | [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

*Banda* (premio ao mellor fanzine do Salón do Cómec de Barcelona) e *Retranca*.

É autor dos álbums titulados "Fiz" (FAKTORÍA K) e "Moncho e a mancha" (KALANDRAKA). Tamén ilustrou "A memoria das árbores", "Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis", "Rato de campo e rato de cidade" e "Sar, Sarela e os monstros de Compostela", editados por KALANDRAKA..

Traballa para as revista *Mister K* e *El Jueves*, nas que ten dúas series de banda deseñada tituladas *Clases con Guasa* e *Turisteo*. Participou en obras colectivas como *H2Oii*, sobre a catástrofe do Prestige, causa para a que tamén contribuíu como debuxante e coordinador do Colectivo Chapapote. Recibiu, entre outros, galardóns como o Primeiro Premio de Cómec de Ourense (1996), o Premio Internacional de Humor Gráfico de Porto (Portugal) ou o Segundo Premio Nacional de Humor Gráfico J&B (2000).

- **Temática:** conto de Nadal
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** humor; os cores; canción a modo de retroso (repetición); as tradicións do Nadal: os agasallos para quen se portou ben e carbón para os desobedientes; os soños, a ilusión

